



Magreco 2014



*Para a fin de semana do 29-30 de marzo o concello de Boimorto está a organizar, por terceiro ano consecutivo, a feira MAGRECO de maquinaria agrícola, produtos ecolóxicos e artesanía; ademais nesta edición poderemos ver en directo e participar nunha POXA de XOVENCAS, na que contamos coa colaboración para a súa organización de Africor Coruña, con grande experiencia nesta área.

Haberá máis de 80 expositores e unha gran variedade de actividades para todos os públicos e todas as idades; ademais dunha zona de comida con pulpo e churrasco. Para os cativos tamén teremos unha zona de xogo e de inchables.

Debemos destacar as charlas que se van a realizar nesta fin de semana: Utilización enerxética da Biomasa, realizada pola Asociación Forestal de Galicia. Importantísima e de grande interese é a chala organizada por Unións Agrarias, As reformas da PAC; e tamén contaremos cunha xornada formativa, Oportunidades para o Sector Forestal (qué, como e cando plantar o eucalipto, como coidar o monte para que medre máis...) realizada por Ence e Silvanus. Estas charlas son abertas a todo o público.

Estamos a falar dunha feira única na comarca do interior, de grande interese agrícola e gandeiro e como non, non podemos esquecer o produto ecolóxico e a artesanía que forman parte deste evento pensado para o desfrute de todos e todas.

Esperamos que sexa do voso agrado e que poidamos contar coa vosa presenza

Avisos

***Curso de Manipulador de Alimentos**

Curso de manipulador de alimentos: todas as persoas interesadas anotarse antes do día 15 de marzo no Concello, o curso será de 2 horas e o custe de 20€ / persoa.

***Curso de Primeiros Auxilios en Arzúa**

Datas: Sábados 22 -29 MARZO 5- 12 e 26 ABRIL

Horario: Mañá 10:00 - 14:00

Tarde 16:00 - 20:00

Horas: 40 h. Metade teoría - Metade práctica

Requisitos de matrícula: maior de 16 anos. O prazo de inscrición comeza o próximo luns día 3 de marzo.

Para máis información podedes poñervos en contacto por teléfono ou por correo electrónico: monica no 981 500 589 ou en arzua@cruzroja.es

Deportes

* **SAÍDAS Ó BALNEARIO BRIÓN:** Xornadas dedicadas á saúde, onde poder beneficiarse das múltiples calidades que as augas termais medicinais ofrecen, gozar do Club Termal, saunas, sala de inhalacións, sala de relaxación...

Destinatarios: O programa está destinado exclusivamente a persoas empadroadas no municipio de Boimorto.

Horario: Os seguintes Mércores do mes de Marzo: 12, 19 e 26, saída ás 15:30 do Centro de Maiores.

Prezo: 7 euros por sesión. Prazas limitadas!!. Anotarse na Casa do Concello ou no Centro de Maiores. 981516020 ou 981516520.

Recomendacións: levar bañador e gorro de piscina, o balneario facilita toallas e zapatillas.

* **AVISO:** aquelas persoas que aínda non renovaron o carné de socio de piscina e ximnasio 2014 e que son beneficiarios das actividades deportivas do Concello, pasen polas dependencias do mesmo a efectuar o pago correspondente.

Cultura

* Día Internacional da Muller.

O sábado 8 de marzo, Día Internacional da Muller traballadora, o Concello organiza unha cea-baile para todas as mulleres de Boimorto, será no Café-Bar Vilanova sobre as 10:00 da noite. O prezo é de 20€/persoa e as interesadas deberán anotarse no Concello antes do luns 3 de marzo. Esperamos que veñan as avoas, fillas, netas, bisnetas....

* Baile de Entroido

Sábado 1 de marzo, sábado de Entroido, celebraremos unha Festa de disfraces no polideportivo municipal a partir das 17:00 horas, contaremos con animadores, con música, actividades, xogos e inchables.

Centro Maiores

*CHARLAS NO CENTRO DE MAIORES O 14 e 28 DE MARZO:

Continuamos coas charlas do centro social de maiores.

Este mes ides poder informarnos sobre unha alimentación saudable, esta charla será realizada polo ATS do concello, Pablo, que indicará como debe ser a nosa alimentación para que sexa o máis sa e equilibrada posible.

E o cociñeiro Manuel Garea, de gran prestixio e cun currículo inmejorable neste ámbito, vai vir falarnos da cociña, trucos, consellos... todo o relacionado co mundo culinario e como sacarlle o mellor proveito.

Esperamos que estas charlas, ó igual cas anteriores, sexan do voso agrado e admitimos suxerencias para a realización de novas charlas.